

## Manifesto

Bo día a todas as persoas que estades hoxe aquí, nós somos o Comando Igualdade do IES Alexandre Bóveda e o Equipo Morgana de igualdade e diversidade do IES Álvaro Cunqueiro. O primeiro é darvos as grazas por asistir a este acto un día coma hoxe, 8M día da Muller.

Nesta data persoas de todo o mundo festexamos os progresos acadados, facemos un chamamento aos cambios que precisamos, e visibilizamos a violencia que recibimos as mulleres polo mero feito de selo. Sería imposible falar de todas as violencias que nos afectan, dende as máis sutís ata as máis visibles, por iso escollemos falar neste manifesto soamente de tres asuntos que nos afectan especialmente como mulleres novas: o acoso, o ciberacoso e as violencias sexuais.

Segundo as cifras de Nacións Unidas, estímase que, a nivel global, 736 millóns de mulleres -ao redor dunha de cada tres- experimentou algunha vez na súa vida violencia física ou sexual por parte dunha parella íntima, ou violencia sexual perpetrada por alguén que non era a súa parella (o 30 % das mulleres de 15 anos ou máis). Unha muller ou nena é asasinada cada 11 minutos por persoas que coñecen. Quince millóns de nenas adolescentes de 15 a 19 anos experimentaron relacións sexuais forzadas.

As nenas e adolescentes coñecemos esta violencia. Nos nosos grupos de igualdade coñecemos a persoas con “mozos” que se senten obrigadas a saír con eles baixo ameazas ou violencia física. Sen embargo nós escoitamos falar do acoso como se fose algo pouco común, que só se ve na televisión ou un asunto ao que se lle quita importancia. Ata que non nos pasa a nós ou a alguén que coñecemos non vemos que é real. Escoitamos que son “ cousas de nenos ” e como ninguén lle da importancia, nós tampouco, e tragamos e calamos, pensando que é algo que nos tocou e co que temos que apandar. Cando finalmente explotamos preguntánnos: como non o contaches? Intentamos contalo, pero non nos escoitan. Estamos seguras que se as persoas adultas, ou os colexios, actuasen segundo os supostos protocolos de acoso as nosas infancias terían sido distintas do que foron.

Fora dos centros tamén recibimos acoso na rúa. Homes, en moitos casos moito máis maiores ca nós, bérrannos cousas que nos fan sentir incómodas. Mudamos o noso xeito de vestir, imos acompañadas ou evitamos algúns espazos por medo ao acoso. Pero a solución nunca vai ser que nós vistamos distinto ou non fagamos paseos a certas horas, a solución é que os acosadores entendan dunha vez por todas onde están os límites, cando algo é absolutamente inadecuado e inaceptable e paren de facelo.

Educación é ensinar que isto non é xusto. Se preguntas pola rúa a algunha muller se algunha vez a teñen acosado a resposta máis escoitada é si. Se todas nos temos sentido acosadas, se sabemos que é inxusto, por que deixamos que siga a pasar? Por que seguimos sentindo que chegar a casa despois de saír de festa é un logro? Queremos deixar de escoitar que iso sempre pasa, que non lle deamos importancia. Educarnos e autoeducarnos, para que isto non pase nunca máis.

O acoso non para cando non estamos na rúa, tamén existe o ciberacoso. O ciberacoso é o acoso ou intimidación que ocorre a través das tecnoloxías dixitais, por exemplo as redes sociais como Instagram, plataformas de mensaxaría como whatsapp, xogos, etc., co obxectivo de atemorizar, intimidar, ridiculizar, obxectivizar, ou humillar. Consideramos que desde os institucións educativas hai unha potente arma de prevención. Desde os institutos debería formarse ao alumnado e ao profesorado. A non sentírmonos culpables, a non resgardarse detrás do anonimato das redes sociais, a coñecer termos como desexo e consentimento.

Feminismo é igualdade, por iso nos nosos grupos de igualdade hai homes e mulleres. Homes que cando cada noite volvemos a casa e cruzámonos cunha moza soa, vemos como cruza de beirarrúa ou fai malabares para non cruzarse con nós. Ao principio isto facíanos sentir enfado, non entendíamos e sentímonos enfadados por sermos sinalados como acosadores cando non o eramos. Agora, despois de ter aprendido e escoitado ás compañeiras, sentimos pena pola situación tan inxusta que viven as nosas amigas, compañeiras e familiares. Por iso cando imos camiñando con amigos, en grupo, e nos cruzamos cunha ou varias mozas, se alguén di algún comentario cara a elas, temos que posicionarnos en contra e mostrar aos nosos amigos o noso rexeitamento. Non imos quedar pasivos ante estas situación, para que cando nos cruceamos cunha moza non nos sinta como unha ameaza..

Queremos mudar as cousas, por iso estamos hoxe aquí e todos os días do ano loitando pola igualdade. Esiximos ferramentas que nos axuden a mudar as cousas. Protocolos de acoso nos institutos que se apliquen correctamente, que coñezamos alumnado e profesorado. Queremos que se actúe contra o acoso. Queremos puntos violetas que sexan verdadeiramente efectivos, con persoas con formación en igualdade. Queremos formación en igualdade nos centros, que existan moitos Comandos, moitos grupos de igualdade, para que un día non teñamos que saír a rúa a esixir os dereitos que nos corresponden. Se non es parte da solución, es parte do problema. Que viva a loita feminista!

*Agora que estamos xuntas, agora que si nos ven,*

*Abaixo o patriarcado que vai caer, que vai caer.*

*E arriba o feminismo que vai vencer, que vai vencer!*